MIRAFONDOS

(POEMARIO)

Emilio Rodríguez Miranda

I

Sinto que fuxen

as miñas palabras;

precipitarse

o meu pensamento

cara ó infinito.

A mirada perdida

no punto equidistante

do luscofusco vespertino

anega o meu corazón ferido,

e transpórtame alén do mar,

cara a outro mundo

de ilusións e de vellos

soños fragmentados.

II

Sei que o Outono
está aquí;
entrou pola fiestra da casa
enchoupando, intermitente,
a concavidade vermella do tellado.
Enriba, o ceo ameazante
énchese de chumbo algodoeiro,
arrastrado polo vento
preguizoso e morno do Sur.

Sei que, logo, virá o inverno;
caerá, de cedo, a noite,
e asolagará as veigas e soutelos
coa súa luva sombría.

Sei que haberá, aínda, moitos
días anubrados,
moitas e longas noites
de espera,
de inquedanza,

agardando volver a verte de novo

en Primavera.

Sei que si pecho os ollos

atopareiche e atoparasme

ao carón do mar,

camiñando cos pés descalzos

pola area.

Sei, tamén, que si esperto,

de súpeto,

esquecereiche e esquecerasme

para sempre,

Compañeira.

III

Vexo tenrura na túa mirada

de ollos azuis,

Comprometida.

Aprecio un sopro de aire novo

nos teus beizos lens,

Consentida.

Camiña, devagar, polos vieiros

impenetrables

do meu corpo,

Perdida.

Eres como un regueiro limpo

que sacia a miña sede,

Redimida.

IV

Entre recendos a eucalipto

e herba mollada

camiña o vento

Silandeiro.

Revoan murchas polo chan

as follas de carballos e

Piñeiros.

Preto, extramuros,

escoitase o latexo

dun regato exiguo

onde medran, freixos e

Salgueiros.

O vento maino do Leste

abanea, cun laio inmortal,

as pólas das árbores,

Unlla e carne,

Mar e Ceo.

V

(*interludio)*

Unha chuvia cantareira zarrapica

os vidros da xanela;

as pingas de auga quedan

apegadas no cristal e,

no intre, escorregan

anárquicas, procurando

o seu descenso natural.

Experimento co bafo do meu nariz,

e vou nebulizando, a pares,

o vidro afumado

ata crear un mapa

de buratos simétricos e fuxidíos.

Fóra, unha mera perpetua

anega

os montes, o mar e as leiras.

VI

(*rosa de novembro*)

Resistes a turrada
da primeira friaxe do Outono,
Impasible,
namentras as demais
amosan xa o seu esqueleto mortecino.

Non sei que farás
cando chegue, por fin, o inverno,
e te volvas definitivamente
Invisible;
non sei canto tempo
resistirás aínda,
rosa, roseira;
a miña rosa,
Invencible.

VII

(*poema descritivo*)

Miradas esquivas
que se buscan sen querer,
insinuantes,
percorren o perímetro do vagón;

O barullo do tren golpeando
con cadencia os raís;
movemento sinuoso e compasado
lembrando, talvez, tempos pretéritos;

breves cabezadas somnolentas
alimentando o breve soño intermitente;
cheiros indescifrables
suspendidos na atmosfera
espertan instintos reprimidos
e escorrentan os praceres concupiscentes;

deixando atrás a paisaxe montañosa e suave,
as augas caudalosas e tranquilas,
adentrámonos na chaira ampla e mais estéril,
e na terra arroibada.

Vexo, ao lonxe, estacións envellecidas,
decadentes, con letreiros ferruxentos;
paredes zarrapicadas de grafitis;

imaxes fugaces sucédense tras a xanela,
sostendo a mirada perdida
no horizonte plano:

pernas entumecidas e doloridas
polas horas mortas;
ir e vir polos corredores,
desafogando a preguiza entre vagón e vagón,
apeándome no andén solitario:
un café, aire fresco e renovado
nun lugar descoñecido.
De novo no vagón
as mesmas facianas, diferentes,
mergullándote na lectura,
no teu mundo,
intercambiando a mirada
cos outros, contigo mesmo,
co teu presente e o teu pasado,

co teu silencio.

As horas pasan vagarosas.

VIII

(nocturno)

Traspasando a soleira das sete do serán,

un día do mes de San Martiño desapracible

e chuviñoso, cae a noite

coma unha cortina de aceiro negro

espallando os derradeiros ecos da vida,

a feble luz das farolas palidece,

déixame un vaso de auga

na mesa de noite, perto do libro de poemas,

a canella e a rúa mollada,

mañá, quizais escampe, quizabes.

Hoxe foi un día complicado cargado de boas novas,

a miña primeira sentenza,

logo direiche o que penso

cando entre, paseniño, na habitación, ás atoutiñadas,

e che atope mergullada nas túas lembranzas,

o libro, coma unhas ás, caído no teu regazo

e o teu ventre latexando con cadencia de adagio.

Miro, de novo, a rúa intransitada

e só vexo sombras esvaídas e ausentes,

pecho os ollos, abro as mans,

exhalo preguntas esgotadas,

escoito a cuarta sinfonía de Brahms,

e protexido dos meus propios medos,

sentindo a calor do teu corpo,

bico os teus beizos e susúroche ao oído

palabras cómplices que só ti comprendes.

****

IX

(*introspectiva*)

El lugar donde habita mis miedos

está plagado de recuerdos imborrables,

a veces, salpicado de notas urticantes

que brotan intermitentes en mis sueños.

Intento entenderlos, pero luego,

me detengo en el umbral de la noche

y pienso

que no hay motivo suficiente,

que no cabe la congoja

ni el desconcierto,

porque las sombras, sólo son eso,

presencias extrañas

que enseguida se desvanecen

cuando al despuntar el alba

me despierto.

(introspectiva)

O lugar onde habita os meus medos
está enchido de recordos imborrables,
ás veces, salpicado de notas urticantes
que agroman intermitentes nos meus sonos.

Intento entendelos, pero logo,
detéñome no albor da noite
e penso
que non hai motivo abondo,
que non cabe a congoxa
nin o desconcerto,
porque as sombras, só son iso,
presenzas estrañas
que deseguida se esvaecen
cando ao despuntar a alba
esperto.

X

Con el tiempo, te irás dando cuenta
que no vale de nada tu orgullo
que corre por dentro y por fuera,
que navega en mares inciertos,
que te ahoga y me desespera;

te crees la dueña del mundo,
y te corroe tanta soberbia
que vas vertiendo como lava
en los surcos de tus venas.

Un buen día desaparecerás de mi vida
como un barco en la mar, sin estela,
se habrá, entonces, apagado tu ira, tu orgullo,
el eco de tu voz en la niebla;

una ola sin escamas borrará tu sonrisa,
las huellas de tus pies en la arena;
y cuando te vuelvas invisible
te preguntarás: ¿ha merecido la pena?,

No me esperes esta noche, por favor
deja entornada la puerta....

Co tempo, iraste decatando
que non vale de nada o teu orgullo
que corre por dentro e por fóra,
que navega en mares incertos,
que te afoga e me desespera;

creste a dona do mundo,
e corróeche tanta soberbia
que vas vertendo como lava
nos sucos das túas veas.

Un bo día desaparecerás da miña vida
como un barco no mar, sen ronsel,
entón, terase apagado a túa ira, o teu orgullo,
o eco da túa voz na néboa;

unha onda sen escamas borrará o teu sorriso,
as pegadas dos teus pés na area;
e cando te volvas invisible
preguntaraste: pagou a pena?,

Non me esperes esta noite, por favor
deixa entornada a porta....

XI

(*lento*)

Ayer pude escuchar
el silencio de tus palabras

y en tu mirada aprecié
el nácar apagado de esos ojos negros,
fruta madura sin brillo derramada.

Debimos alimentar nuestros sueños,
acariciando el delicado cristal
donde apurábamos, con pasión,
la última tregua,
hasta que el amanecer
nos sorprendía envueltos
en una espesa niebla.

Onte puiden escoitar
o silencio das túas palabras
e na túa mirada apreciei
a nácara apagada deses ollos negros,
froita madura sen brillo derramada.

Deberiamos alimentar os nosos sonos,
acariciando o delicado cristal
onde apurabamos, con paixón,
a última tregua,
ata que o amañecer
sorprendíanos envolvidos
nunha espesa néboa.

XII

Asomo a faciana
fóra da ventá do despacho,
o aire fresco e húmido da ría
alíviame,
a carga de traballo
amoréase en outeiros
de expedientes, agardando que
unha man piadosa
ceibe un deles do seu letargo
e pegue un chimpo
cara ós xulgados
onde repousará o soño dos xustos
ata que un funcionario,
talvez un secretario
xudicial, lle dea traslado,
unha vez subsanado
o defecto procesual oportuno

e abeire, por fin, no titular do xulgado
quen, deste xeito, desenleará
este procedimento ordinario
que, sen comelo nin bebelo,
quedóuseme atoado.

XIII

(*poesía cotidiana*)

Un nuevo día se deslizaba
por la persiana de mi habitación
y yo, lobo deshabitado,
me disponía a emprender
el cotidiano guión
de un argumento inacabado.

La noche había transcurrido
entre sobresaltos ensoñados,
desde el cuarto de baño, una voz
de reproche me espetó:
"*tu ronquido me atravesó las entrañas*";

la indiferencia se hizo palpable
y yo, lobo estepario, me volví invisible
envolviendo mi torpeza
entre sonidos apagados,
no es culpa tuya, ojos claros,
alcánzame la cafetera
voy preparando el desayuno,
luego te llamo,
la radio emitía una voz
metálica y la cuña publicitaria
repetía sus propias mentiras:
"*acariciamos el veintiséis por ciento*
de la tasa de paro",
el café te salió un poco aguado,

segundo reproche; cogí el abrigo,
abrí la puerta

y el frío invierno penetró
en mi cara como
una ola agrietada,
y yo, lobo solitario,
desaparecí hasta perderme
en la aterida penumbra de mi barrio.

(poesía cotiá)

Un novo día deslizábase
pola persiana do meu cuarto
e eu, lobo deshabitado,
dispoñíame a emprender
o cotián guión
dun argumento inacabado.

A noite transcorrera
entre sobresaltos ensoñados,
dende o cuarto de baño, unha voz
de reproche espetoume:
"o teu ronquido atravesoume as entrañas";

a indiferenza fíxose palpable
e eu, lobo estepario, volvinme invisible
envolvendo a miña torpeza
entre sons apagados,
non é culpa túa, ollos claros,
alcánzame a cafeteira
vou preparando o almorzo,
logo chámote,
a radio emitía unha voz
metálica e a cuña publicitaria
repetía as súas propias mentiras:
"acariciamos o vinte e seis por cento
da taxa de paro",
o café saíuche un pouco augado,

segundo reproche; collín o abrigo,
abrín a porta
e o frío inverno penetrou
na miña cara como
unha onda agretada,
e eu, lobo solitario,
desaparecín ata perderme
na aterecida penumbra do meu barrio.

XIV

(*página de sucesos*)

El vehículo hizo un extraño
y Piñeiro perdió el control
de su Mercedes clase D,
empotrándose
contra un viejo roble centenario
en el kilómetro cuarenta y tres
de la carretera nacional N-550,
cerca de Padrón, en dirección a Santiago
de Compostela, donde se dirigía,
desde Pontevedra, a la notaría
del Sr. Sousa para realizar unas gestiones
acerca de la herencia familiar.

Un aparatoso accidente que,
afortunadamente,
no revistió daños
personales graves;
sólo una secuela en el pulmón izquierdo
debido al aplastamiento contra el volante
que le produjo inicialmente
una pleuresía, y después,
una pleurodinia recurrente
que le provocaba, de vez en cuando, fatiga.

Eso sí, el coche quedó para chatarra:
siniestro total; un amasijo de hierros
retorcidos
y un puzle desordenado de plásticos
y vidrios rotos esparcidos
por todas partes.

(páxina de sucesos)

O vehículo fixo un estraño
e Piñeiro perdeu o control
do seu Mercedes clase D,
encaixándose
contra un vello carballo centenario
no quilómetro corenta e tres
da estrada nacional N-550,
preto de Padrón, en dirección a Santiago
de Compostela, onde se dirixía,
dende Pontevedra, á notaría
do Sr. Sousa para realizar unhas xestións
acerca da herdanza familiar.

Un aparatoso accidente que,
afortunadamente,

non revestiu danos
persoais graves;
só unha secuela no pulmón esquerdo
debido ao esmagamento contra o volante
que lle produciu inicialmente
unha pleuresía, e despois,
unha pleurodinia recorrente
que o provocaba, de cando en vez, fatiga.

Iso si, o coche quedou para ferralla:
sinistro total; un amasillo de ferros
retorcidos
e un puzle desordenado de plásticos
e vidros rotos esparexidos
por todas as partes.

XV

Onte non che puxen flores,
síntoo;
aquelas rosas vermellas que
con tanto agarimo
embelecías o floreiro azul,
preto do peitoril da ventá;
dende aí mirabas o mar e tamén
a illa pendurada
na liña do horizonte que tanto
che engaiolaba;

o frío de Decembro,
inqueda nostalxia,
borrou o teu sorriso,
rosa vermella
para sempre,
e quedou murcha,
rosa roseira,
a miña Rosa;

onte non fun quen
de poñerche flores,
síntoo
de veras con toda
a miña alma.

XVI

Hoy, por fin, rendí cuentas con mi pasado.

Una ola extrema engulló mi cuerpo,
caminé suspendido de una fina cuerda
y apoyé mis brazos en una tormenta
de verano,
sentí el frío del miedo,
fue entonces, sobre el pavimento mojado,
cuando, ¡dioses planetarios!,
me encontré con mi propia umbra
y me vi a mi mismo, reflejado;
cerré los ojos.

El tiempo se detuvo, y al cabo
de unos cuantos años,
oblicuo el cielo raso, me topé,
de nuevo, con mi propia sombra.

No la reconocí, y ella
se alejó de mi vida
con aire contrariado.

Hoxe, por fin, rendín contas co meu pasado.
Unha onda extrema engulou o meu corpo,
camiñei, suspendido, dunha fina corda
e apoiei os meus brazos nunha tormenta
de verán,
sentín o frío do medo,
foi entón, sobre o pavimento mollado,
cando, deuses planetarios!,
encontreime co meu propio umbro
e vinme a min mesmo, reflectido;
pechei os ollos.

O tempo detívose, e ao cabo
duns cantos anos,
oblicuo o ceo raso, topeime,
de novo, coa miña propia sombra.

Non a recoñecín, e ela
afastouse da miña vida
con aire contrariado.

XVII

(*á Radio, con gratitude*)

Acóchome entre sabas
limpas e algodoadas,

namentras emprendo
o entresoño co son
das ondas hertzianas
lambendo a compracente
escuridade.

A Radio
é a miña compañeira;
eu, o seu fiel seareiro
dende que teño xuízo.

Ela apoderouse de min,
xa hai tempo,
de tal maneira
que, ao final, no limiar
da noite pecha,
acada, vitoriosa,
a miña feble resistencia.

XVIII

"mar ferido"

Galopan as ondas
na unánime noite
mentres no luscofusco
do serán navegan
dúas almas senlleiras
protexidas pola fosforescencia
da beiramar.

As luces suicidas
procúranse mutuamente
nas augas turbulentas
batendo, grave,
cos seus dedos a escuma
na solemne escuridade

XIX

(as nubes veñen cargadas de preguntas)

Por qué é tan difícil
Amar,
por qué, tan doado
Sorrir,

por qué, tan amargo
Sofrir,
por qué é tan necesario
Soñar.

XX

(ambigüedades)

Non me amola que deixes
a tapa de rosca do xampú
sen pechar…

Hai corredoiras
que se bifurcan e
xamais se atoparán…

Non me molesta que
deixes os pratos no vertedoiro
sen lavar…

Os días inmóbiles
vanse sucedendo
paseniño…

Non me ofende
que non recollas a roupa
guindada no cuarto de baño…

O rasgueo dunha guitarra
desafinada creba
o silencio doloroso…

Non me importuna
que teñas a luz da mesa de noite
acendida mentres procuro
conciliar o soño…

O aire abafante
sementa de dúbidas a noite.

XXI

(Amnesia)

Achego o carolino de tinto femia
aos meus beizos fendidos
e unha pinga trémula esvara
polo queixelo ata caer
na páxina dun xornal, enchoupando
a sección de sucesos;

"*Un ferido por arma branca*
desángrase ata morrer
ao carón dunhas nasas
amoreadas preto da rampla
do peirao; no peto esquerdo
da súa chaqueta…"

Tento limpar cun pano de mesa
o recadro da nova lutuosa
pero non son quen de adiviñar,
a mancha tinxida de viño
esborrancha as palabras;

boto o derradeiro grolo,
meto a man na billeteira,
e no reverso dun billete

de vinte euros advirto a miña

propia letra ensanguentada.

XXII

Lumbalgia (poesía cotidiana)

El día empezaba a resbalar sobre mi frente
mientras los ecos fragmentados de la noche
se iban debilitando,
acuérdate que a las once
tienes cita con el médico,
no me entretengas ahora,
que no puedo doblar la espalda
para atarme los zapatos,
antes todavía podía llegar hasta el suelo,
el borboteo de la cafetera
llegó hasta mis oídos
avivando los olores irrecuperables
y el timbre del teléfono perturbó
mi pacífica condescendencia,
de puertas afuera, en el rellano,
se oían los primeros pasos
arrastrando la pereza laboriosa,
es del despacho, me preguntan,
qué les contesto,
diles que atiendan al requerimiento,
luego les llamo,
y en la calle, la luz del alba se iba encendiendo
poco a poco, lo mismo
que mi dolor acrecentado.

Lumbalxia (poesía cotiá)

O día empezaba a esvarar sobre a miña fronte
mentres os ecos fragmentados da noite
íanse debilitando,

acórdate que ás once
tes cita co médico,
non me entreteñas agora,
que non podo dobrar as costas
para atarme os zapatos,
antes aínda podía chegar ata o chan,
o borboroto da cafeteira
chegou ata os meus oídos
avivando os olores irrecuperables
e o timbre do teléfono perturbou
a miña pacífica condescendencia,
de portas fóra, no relanzo,
oíanse os primeiros pasos
arrastrando a preguiza laboriosa,
é do despacho, pregúntanme,
que lles contesto,
dilles que atendan ao requirimento,
logo chámoos,
e na rúa, a luz da alba íase acendendo
pouco a pouco, o mesmo
que a miña dor acrecentada.

XXIII

OCTO-POLBO

(octopus vulgaris lamarck 1798)
(nome científico)

Octopus, octópodo, octo- Polbo;
Oito tentáculos = oito pés; octo-Polbo;
Mimético; todo cabeza = cabezudo.
Come nécoras/espanta calamares.
Celme das festas gastronómicas;
Túzaro becho mariño;
Nabilleiro das nasas;
O rei da tinta da china a chorros;
Propulsor das profundidades da ría;
Krake mitolóxico dos mariñeiros;

Polbo de Beluso, polbo de Ermelo, polbo de Bueu,
Polbo de Cela, polbo- da- Ría,
Polbo dos pobos, de tódolos polbos do mundo,

Polbo da illa de Ons;
Polbo á feira; Polbo en caldeirada,
Tosta de polbo, empanada de polbo (*de millo corvo*).

Collo o mirafondos,
meto o meu brazo no mar,
e apégase, deseguido, un tentáculo viscoso;
tira de min ás profundidades
e non son quen de impedilo.

Polbo mergullador;
Pequeno cíclope desconfiado e solitario.
Excelso produto culinario, ás veces
profanado: polbo gratinado!, polbo frito!,
(*outro polbo é posible*).

Menú-do-Polbo fragmentado
en cen cachos cortados con tesoiras habilodosas
para seren despois aguilleados
por escarvadentes de piñeiro.
Polbos dos Deuses mitolóxicos;
O meu Polbo; o meu Pobo.

XXIV

UN SORRISO

Unha mirada cómplice,
un aceno agradecido,
e nun chiscar de ollos
un artigo divertido.

O anoxo primitivo
dun día triste e aciago,
convértese nun sorriso,
no intre axeitado,
cando a pluma sutil e certeira,
a miúdo con ironía,
ceiba un dardo envelenado
apuntando a felonía
dun sorriso acedo e forzado.

Ogallá!, ao ler os meus artigos,
mesmo arrebátoche un sorriso

que percorra a túa faciana,
coma unha airexa nova;
que alede o teu corazón,
pois non é outra a miña intención
cando penso no que escribo.

XXV

HAIKUS (*a vinte mil pés de altura*)

I

Veas azuis regan a terra,
nubes, coma illas penduras,
salpican o ceo.

II

Tiras irregulares de pel curtida,
campos estériles de verde apagado
esténdense polo manto telúrico.

III

E por fin, no horizonte, o Sur,
a costa e o sol dourando
a epidermis deste Mare Nostrum.

IV

De volta á casa, un océano de nubes,
como un salgar infinito
cubre o firmamento.